



Concello do Grove

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o **6 de febreiro de 2017** adoptou o seguinte acordo:

“-ASUNTO: INSTALACIÓNS DO REDONDO DA TOXA

Á vista da petición presentada por [...] con data de entrada no rexistro o día 15-11-2017 e núm. 6736 , que ten erro na súa cualificación xa que estamos ante unha comunicación previa prevista na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Tendo en conta que conforme ao establecido na citada lei o transcurso do prazo de 15 días desde a presentación habilita á realización da actuación pretendida, produce efectos xurídicos *ex lege*.

Conforme á potestade de comprobación e inspección que teñen os concellos en relación con esta institución aos efectos da posible Declaración de Ineficacia previa Acta de Comprobación no seu caso en relación coa adecuación das obras pretendidas coa normativa de aplicación.

Dada a particularidade da instalación sobre a cal se realizan as mesmas.

Esta Xunta de Goberno Local acorda dispoñer o seguinte criterio en relación con estas instalacións de acordo á autorización que lle atribúe a cláusula 5ª do Anexo II que regula as condicións dos contratos de utilización dos quioscos de Titularidade Municipal:

CRITERIO DE ACTUACIÓN EN INSTALACIÓNS DO REDONDO DA TOXA:

- Non se poderán modificar a estrutura das instalacións orixinarias de modo que se provoque unha distorsión sobre a uniformidade das mesmas.

Este criterio producirá os efectos pertinentes unha vez publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello do Grove e na súa Páxina Web e Sede Electrónica.”

O Grove, 14 de febreiro de 2017

O secretario

Francisco Javier Novoa Juiz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE